

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VII — NÚMERO 194 — 1.º NOVEMBRE 1923

LUÍS PORTEIRO



*No quinto aniversario da sua morte xurde nos nosos beizos unha oración
de amor ao mestre que nen a morte nen os anos lograrán desbotar
do noso pensamento*

PARA TODOS

É un feito que o caciquismo hoxe está pasando por un apreto que nunca temeu. Contra d'él vaise con desexo de o acabar. Pero o caciquismo non s'acaba coa forza bruta solamente. A forza bruta ten a súa virtude. Pero a virtude da forza bruta está condicionada pol-a lei da relatividade, que alcanza a todo na vida. En pasando d'ahí, pérdese. Ningunha cousa que estivera tan enraizada nun pobo como está o caciquismo en Galicia desapareceu pol-a forza bruta sómente. Desapareceu cando coa forza iba unha reación espiritual creadora e estabilizadora do novo estado de cousas. Isto non é dicir nin querer dicir que o que s'está facendo agora co caciquismo estea mal feito. Ao contrario; está moi ben, e nunca as mas lle doían a quen o fai.

O que eu quero dicir é que nós, os galegos da nova Galicia, os que non estamos na lameira apodrecida que hoxe se quer limpar, temos o deber, o santo deber, que non excusa nin pode excusar ningunha consideración, de xuntarnos todos e ver o que nos convén facer. A ocasión é úneca. Todo o que non se poña ao servizo d'ela terá un cargo de conciencia para toda a súa vida. Porque hai que ter presente que a oportunidade é a nai de todo na vida.

Non coide ninguén que as cousas se poidan resolver individualmente. Individualmente ninguén é capaz de resolver nada nin de chegar a nada en cousas colectivas. Solo a solidariedade salva os pobos. Por moita forza e por moito saber que un home teña, él solo non poderá facer nada de proveito xeneral. Primeiro, porque as cousas colectivas eixen auciós colectivos tamén. E segundo, que cando un se quer apartar do demais, por desprecio ou por mal entendido egoísmo, ten que contar que, ou lle poñen atrancos no camiño hasta que caia n-eles, ou lle fan o vacío hasta que morra por asfixia. Isto é tan certo e tan corrente que non precisa d' aclaracións.

De modo que non hai mais que dous camiños: ou xuntarnos todos como irmáns, e como irmáns arreglar as nosas cousas, ou renunciar para sempre á esperanza patriótica de facer grande a Galicia. Seguindo como estamos, n-esta guerra xorda de guerrillas, nunca chegaremos a nada. Facendo obra d'irmandade e d'amor imos a donde queiramos ir.

Deixemos cada un de nós un pouco da nosa maneira de ser, e recollamos no peito, xenerosamente, un pouco da maneira de ser dos demais. Así poderemos sentir a solidariedade ideolóxica que fai grandes os homes e os pobos.

JOSE LESTA MEIS.

Aos nosos lectores

Dende este número, e coidamos que por pouco tempo A NOSA TERRA publicárase sómentes unha vez ao mes. Para compensar en parte a omisión d'un número, publicaremos os que sallan con catro páxinas mais.

Agardamos que os nosos lectores e cantos nos axudan na publicación d'esta folla enxebre saberannos perdoar esta falla, que procuraremos subsanar cumpridamente tan axiña como poidamos.

A BANDEIRA

Todo-os pobos do mundo que teñen unha persoalidade propia e ben definida, teñen tamén a súa bandeira, onde en amoroso e fraternal xuntanza están representadas as diferentes e múltiples cousas que constituíen o patrimonio espiritual e material d'aqueles pobos. A bandeira é a expresión sintética dos seus intereses, das súas glorias e dos seus dñores, da súa maneira de ser, de todo canto bon ou malo encerra a súa vida propia. Por ser así é pol-o que todo-os homes adoran n'ela vendo nas súas cores, que a veces teñen semellanza co ceo, o sagrado e venerado altar onde a figura osgravía e querida da terra onde nasceron aparece representada. Sempre que se quere rendir un homenaxe a un pobo é á súa bandeira á quen se lle rinde porque os homenaxeadores ven expresado n'ela ao pobo homenaxeado. Igualmente un aldraxe á unha bandeira é un aldraxe inferido ao pobo que representa e os seus súbditos reciben aquel aldraxe no mais íntimo da súa alma mais aínda que se fose inferindo a eles mesmos.

Ao paso da bandeira pol-as rúas os homes descúbrense con entusiasmo patriótico, as mulleres óllana con admiración e os rapaciños, nos comenzos do sentimento patriótico, que todos temos, van tras d'ela orgullosos e entusiasmados.

A bandeira téñ tamén outras significacións:

Cando un pobo foi agrilloado por outro, cada un dos cidadáns d'aquel pobo sente unha xenreira fonda pol-a bandeira allea que olla pendurada na súa terra. Isto sucede nas guerras e n'outras ocasións. Cando os pobos lévanse ben e sinten amizade úns pol-os outros, as bandeiras respeitivas acostúmase á colocal-as xuntas como proba d'aquela amizade. Así é como eu quixera ver sempre as bandeiras de todo-os pobos do mundo.

Enlazadas entre sí n'unha xuntanza de estreita irmandade que sexa a proba mais real do amor en que os pobos, aínda sendo das mais opostas tendencias, deben vivir sempre sin menoscabo de ningunha d'elas e sen prioridade para ningunha que sempre terá de manifestar a preferencia para unhas e o aldraxe para outras. E como eu penso que todo-os pobos teñen dereito á vivir con folgura e á que se lles teña en conta os seus propios dereitos o pol-o que penso, tamén que non debe haber preferencia para ningunha, facendo así que subsista sempre aquel amor entre úns e outros que dende logo non pode existir se non se trata a todos por igual. Repetando as bandeiras dos demais mereceremos sempre o respecto á nosa.

Así quixera eu ver tratados sempre as bandeiras de todo-os pobos do mundo...

VICTOR CASAS.

As Escolas da Irmandade

Vai por bon camiño a creación das Escolas para nenos que esta Irmandade fai mentes de establecer no seu amplo local.

As cuotas suscritas pol-os bñs galegos aumentan notablemente e agardamos que aqueles que aínda non deron o seu nome para contribuir ao sostenimento da escola, que tanta falta fai, xa que aínda hai que crear moitas para atender ás necesidades da Cruña, farano axiña.

A cultura dos pobos é o que mais contribue á súa riqueza, ao seu progreso; e nós queremos pol-o mesmo contribuir coas nosas forzas á cultura dos nenos galegos.

Lea V. "A Nosa Terra"

Un mitin e unha aclaración

O domingo 21 celebrouse un mitin en Betanzos, organizado pol-a Federación Provincial Agraria. Falaron os señores Villar Ponte, Cal, Basilio Alvarez, García Acuña e outros.

Todos combatiron o caciquismo e loubaron con entusiasmo ao Directorio militar.

O xornal "El Orzán", da Cruña, órgano dos conservadores, ao reseñar o mitin, dixo que un "irmán da fala", que asistía ao acto, fixo unhas manifestacións en alta voz contra algúns oradores, decíndolles que axudaron aos caciques nas eleccións derradeiras e que con tal motivo fora detenido o "irmán da fala", despois d'un alboroto que se armou no local.

A todo isto contestou "El Noroeste", órgano do cacique del Moral, inda que cantor das excelencias anticaciquís da situación militar, que todo canto decía "El Orzán" era unha falsedade.

Imos nós á revasar o asunto. Ao mitin asistiron en calidade de espectadores varios "irmáns da fala", e cando estaba falando o señor García Acuña fixeron comentarios entre eles con respecto á intervención que os señores de "El Noroeste" tiveron nas eleccións en Tuy, axudando ao cacique conservador Ordóñez en loita contra o candidato agrario Portela Valladares. Estes comentarios serían ouvidos por calqueira de "El Orzán", e levounos ao xornal.

Así foi; os dous xornás teñen razón. "El Noroeste" en decir que non houbo escándalo ningún e que ningún foi detenido. "El Orzán", en decir que alí se fixeron agudos comentarios d'unha exactitude innegable.

D'estas posturas de "El Noroeste", xa falamos nós anteriormente e aínda non houbo ninguén que nos dixera a compatibilidade que hai entre chamarse agrario, loubar ao Directorio pol-a súa labor anticaciquil e andar do brazo c'un dos caciques máis grandes da provincia da Cruña, o señor Del Moral. Menos mal que nós xa sabemos conque bois aramos e non hai tantos cegos como os de "El Noroeste" coídan.

Adiante, e a "moralidad" ante todo.

Tamén vimos no mitin falando de política e facendo política a algún que constantemente veuse chamando "apolítico".

¡Se non te conocéramos!

¡¡FORA... FORA...!!

E o noso desexo, máis que comentar os actos do Directorio que rixe na Hespaña, o dar a coñecer, ou millor dito aínda, o facer resaltar todo que de feito—ou de rebote—veña á favorecer n-un aspecto ou n-outro á nosa terra.

A guerra ao caciquismo que veñen facendo, tén que ser unha cousa coa que estaremos de acordo todol-os galegos, chámense como queiran, d-iste ou de outro partido, pois era unha das pestes máis fedentas que tiñamos na Galicia, como era así mesmo o tecido millor urdido pol-a caciquería galega.

Por primeira vez na nosa terra vimos ir aos cacicuelos presos, e inda que de sobra seipamos que "nin están to-

dol-os que son, nin son os máis fortes todol-os que están", bô é començar si o comenzo terá o remate que todos cobizamos.

Sairon á luz cousas que moitos descoñecían, ou finxían descoñecer, foron presos algúns representantes de cacicatos que endexamais coidaron que poidera ninguén estreverse a facer "tamaña felonía", e así vimos, ou veremos inda desfilar pol-os cárces, aos segredarios e verdadeiros mandatarios dos Concellos de Xinzo de Limia, Ordenes, Laracha, Dumbria, Padrón Salvatierra, Rois, Pereira de Aguiar, Carballo, Santa Comba e algúns máis.

Algús d-istes señores coidábanse tan inespunabres que chegaron até a resistirse a facer o que o Directorio ordeaba.

¡Quén lle lo había de dicir... eles tan fortes, tan poderosos fai dous días—como quen di—que con unha simple orde emanado do Directorio e feita en Madrid—para máis paradoxa—tiñan que soltar por forza aquilo que levaban tecendo e destecendo tantos anos... aquilo que tantos sudores lles costou amañar... e que agora por arte de "bir ou birloque" esvaiase como unha simple e vulgar estadea.

Nós, as Irmandades da Fala que levamos loitando e pregoando tanto en contra do caciquismo, temos que ver con fonda ledicia ista medida—si como denantes decimos si-gue adiante e non para mentes en que caiga quen caiga, seguindo pol-o camiño que os mandatarios de hoxe se trazaron ao asumir o poder—temos que folgarnos d-ista rexeneración e lér moitas veces e con moita devoción ao noso gran Cabanillas no seu "Lume no Pazo".

¡¡FORA... FORA!! o caciquismo e pensemos que inda será posible que seguindo n-ise camiño o Directorio, arremetendo entre outras cousas contra o tinglado da vella e no-xenta política, n-un alarde de limpeza social, moral e cidadana, esmorecerase o impracable caciquismo e teremos conquistado para a nosa Galicia unha xornada gloriosa... unha penla do arbore do que nos seremos fieles gardadores.

FEDERICO ZAMORA.

O noso sétimo aniversario

O 14 d'este mes fai sete anos que comenzo a publicar A NOSA TERRA. Nas súas páxinas atópase recollida toda a Historia de Galicia d'ese tempo e vibran n'elas os desacougos espirituais de cantos viñemos laborando por unha Galicia máis adiantada da que atopamos na saída do noso primeiro número.

Ao cabo d'ese tempo sentímonos satisfeitos da nosa actuación e dos froitos que xa déu e está dando.

N'este día, para nós de grata recordación, saudamos con amor á cantos de cote nos axudaron e axudan na nosa obra e ratificamos os nosos votos de conqurimento de grandes adiantos para a terra galega.

Biblioteca da Irmandade

Continúan algúns irmáns enviándonos libros que moito agradecemos.

De D. Francisco Balboa recibimos 15 exemplares de diversos autores e unha colección de revistas.

O notabre poeta López Abente, enviounos tamén os seus preciados tomos de versos "Escumas da Riveira" e "Alento da Raza".

COUSAS QUE CONVEN LEMBRAR

TRADUCIÓS AXEITADAS

...A lingua é anterior a todo fenómeno político, como a vida mesma. En realidade, é a expresión mais outa da vida anímica, da conciencia humán.

O sentimento do idioma nativo é o que millor define a persoalidade d'un home ou d'un pobo; o que millor designa a súa distancia da animalidade, da impersonalidade orixinaria.

Canto mais inculto un home, mais fácilmente renuncia ao seu idioma de nacemento, inda que hai homes pseudo-cultos, perfectamente bárbaros no fondo, que procuran falar n'unha lingua allea de moda con preferencia á propia. E canto mais servil un pobo, mais axiña acepta o idioma que queren improprie os dominadores.

...Pero non pode pedirse que ningún pobo renuncie ao seu idioma como a unha tarifa arancelaria ou a unha colonia sin valor, por grandes ventaxas que se lle ofrezcan en troques. As linguas morren pol-a espada, non pol-a persuasión. Nas custións ibéricas non queda outra arma de intelixencia que o respecto mútuo, a acertación das inalienables realidades históricas tal como existen. D'estas realidades, a custión do idioma é tal vez a mais delicada.

A lingua é o que mais vincula aos homes.

LUIS ARAQUISTAIN.

* * *

"Donde queira que se fale a lingua portuguesa, nos dialectos criollos de Africa ou nas grandes cidades de América, en todol-os pobos e latitudes, canta e chora no seu timbre a alma da Patria portuguesa, e en tanto quede un portugués para falal-a, non morrerá Portugal."

RAPOSO.

* * *

Sinte hoxe Galicia unha gran sacudida renovadora. Percíbese con claridade no ambiente. Comprobeino persoalmente nas solemnidades celebradas en Villagarcía, nas que por virtude da presentación do meu proieto e da conferencia para expricar os plans da futura Arosa, serviu a miña persoa de pretexto, e sinto por elo un nobre e santo orgulo, para se reunir a mais completa representación de Galicia ao redor d'un acto que representaba esas arelas de renovación e de progreso. E cada vez afirmome mais en que ese engrandecimento da nosa Galicia só lograrase ao se axigantar as suas tres grandes cidades do litoral: Vigo, a Cruña e Arousa...

En frente dos que somentes laméntanse de que se emigra porque non hai riqueza queremos a afirmación dos que poñen os medios de que haxa riqueza para que se non emigre. O ideal de Galicia será, pol-o momento, o de que os catro millóns de galegos que andamos rodando pol-o mundo, podamos vivir dentro d'ela e para ela. Logo, se eses galegos queren saír por ahí, por "terras de fora", que sexa "de paseo", fumando en pipa e tomando te como fan os ingleses e non servindo, no que sexa posibre, de "burro de carga" de ninguén.

ANTONIO PALACIOS.

O PAXARIÑO**MADRIGAL**

Do sol da tarde os rayos derradeiros,
c' un fol de grau de millo na cabeza,
veira do rio mesta de ameneiros,
toda arume, frescura e xentileza,
iba cara o moíño
a moza por quen peno namorado,
—arca y espello das esperanzas miñas—
cando no médeo e médeo do camiño
veu na lama, baténdose, abafado,
c-o piquiño entreaberto y-as añas
pingando, murchas como axada rosa,
un probe paxariño
que, o rebulir, caira da follosa,
ponla en que tiña feiticeiro niño.

Pra facer ben nin tarda nin esquiva,
pousou o fol a rena compasiva
y agarrando o paxaro con tal xeito
que dera enveixa a nai mais garimosa,
un pouco avergonzada, rindo leda,
falándolle mimosa,
púxoo como n' un leito
de soave e branda seda,
rente da carne morna do seu peito.

Acoopado do seu na quentura
y-ó ver que lle facía
cóxegas co peteiro,
sentindo que xa legre rebulía,
colléuno con amor, dóulle un biquiño,
botóulle a man a poula do ameneiro
e deitouno no niño.
Máis o paxaro tolo por sua dona,
—¡ou milagre de amor, dino de sona!—
a prisión pracenteira
y-os agarimos mólidos afeito,
dende o niño arroxouse na lameira
chilando por volver ó morno peito.

RAMON CABANILLAS.

REFORMA DO PALRAMENTO**Copiado do "Sol"**

O Palramento podría ser único; pero millor sería o establecer un en cada rexión ou núcleo territorial algo importante. En realidade cuase que todol-os maes do actual réxime parlamentario veñen do seu absurdo centralismo. Aínda dentro do actual sistema a transformación política do país, facendo sete ou oito Palramento rexionaes—no caso da Hespaña, por exemplo—con unha mui extensa autonomía, coordinados todos por un reducido Palramento federal ou nacional encarregado das leises xeneraes, reduciría grandemente os males que hoxe todos laiamos...

Dêse un amplo, un autónomo Palramento rexional a Cataluña, ás Vascongadas, a Galicia, ás duas Castelas, a

Andalucía, a Levante, a Aragón, e non solo se desconxestionará o Palramento central e desminuirá o marxe de podredume que hoxe o corroe, desde as furnas até os mais outos cárregos púbricos, senón que se librará ao país da pesadilla de estar rexido e sucionado por un insaciabre e parasitario optopo infinitamente tentacular.

Dada a configuración xeográfica e racial da Hespaña, non abonda unha simple autonomía municipal, si en derrdeiro lugar ten d epresidila un sistema palramentario como o presente.

Necesítanse orgôs intermedios que den á estrutura política da nación a flexibilidade que o seu territorio i as necesidás novas da súa poboación esixen.

Namentras a sociedade hespañola avanzaba o sistema político retrasábase en medio século...

Pero e de temer que tampouco abonde unha reforma eleitoral, si denantes se non reforma a constitución palramentaria do país, d-unha reforma tal, que os vellos políticos ao rexurdir n-ela, si rexurden, se atopen como n-un país para eles descoñecido e ouvindo falar unha lingua que no na entenden, impotentes até para restaurar o simulacro de unha representación púbrica è de unhas funciós que non tiñan realidade algunha.

Luis Araquistain.

Fume vostede con papel

N O R O E S T E

Amuleto.—Amuleto, escritos.
Amurcar.—Turrar.
Análisis.—Análise.
Analizar.—Analizar.
Analogía.—Analoxía, somellanza.
Análogo.—Somellante, imitante.
Anaquele.—Alzadeiro, cunqueiro, espeteira.
Anaquelería.—Alzadeiro.
Anaranjado.—Alaranxado.
Anarquía.—Anarquía.
Anata.—Anada.
Anatema.—Pauliña.
Anatomía.—Anatomía.
Anca.—Anca.
Ancianidad.—Vellez.
Anciano.—Vello.
Ancla.—Ancra, fâncora, rizon.
Ancladero.—Ancoradoiro.
Anclar.—Ancorar.
Ancho.—Largo.
Anchura.—Largura, largueza.
Andaderas.—Andadoiro.
Andadero.—Andadeiro.
Andamio.—Andaime.
Andar.—Andar, camiñar.
Andariego.—Andadeiro.
Andas.—Andas.
Andosco.—Año.
Andrajo.—Farrapo, bandallo.
Andrajoso.—Esfarrapado.

Don Andrés Martínez Salazar

Novamente a Real Academia Galega está de loito. O seu segundo presidente, don Andrés Martínez Salazar, faleceu, deixando no seo da Academia como no espírito de cantos o conoçían e apreciaban, un fondo sentimento pol-a perda grande que sinifica a desaparición d'aquel home que, ser galego, adicou todo o seu amor e os seus esforzos á laborar pol-os progresos arqueolóxicos e literarios da rexión.

El foi o fundador da "Biblioteca Gallega", na que figuran obras tan notabres como "Los Precursores", de Murguía; "Queixumes dos Pinos", de Pondal; "Aires da Miña Terra", de Curros; "Chorimas", de García Ferreiro; "Folerpas", de Eladio Rodríguez; "A Tecedeira de Bonaval", de López Ferreiro, e de Benito Losada. Aureliano J. Pereirae, Añón... hasta 70 tomos moi estimabres.

Fundou tamén a revista "Galicia", na que colaboraron escritores de gran sona.

Pubricou a "Crónica Troyana", notabilísimo códice galego do século XIV, obra de grandísima importancia como fonte de estudo da nosa fala.

Escribiu un libro sobre "El Cerco de la Coruña en 1789", ademais de moitos artigos e estudos filolóxicos e arqueolóxicos en diversos xornaes, revistas e boletís.

A morte de don Andrés foi, pois, unha perda sensibre, non samente para a docta corporación que presidiu tan pouco tempo, senon tamén para Galicia.

Ao xeneral sentimento unimos o noso moi sincero e

Altozano.—Oateiro.
Altura.—Altor, outura.
Alubia.—Faba, feixó.
Alucinación.—Alucinazón.
Aludir.—Aludir.
Alumbrado.—Alumeado.
Alumbramiento.—Alumeamento.
Alumbrar.—Alumear, parir.
Alumbre.—Alumen.
Alumno.—Alúno.
Alusión.—Alusión.
Alza.—Alza.
Alzada.—Alzada, altor, apelamento.
Alzar.—Erguer, apinar, alzar.
Allá.—Aló, acolá.
Allanar.—Achauzar, achanar, achaer, achayar.
Allegado.—Achegado, cercán, de perto.
Allegar.—Achegar, arrecadar, arrimar.
Allendé.—Alén.
Allí.—Alí.
Ama.—Ama, dona.
Amable.—Amabre, cariñoso, fino.
Amador.—Amador, namorado.
Amaestrar.—Amestrar, ensinar.
Amagar.—Ameazar.
Amainar.—Amainar.
Amalgama.—Amalgama, mistura.
Amamantar.—Amamentar, criar.
Amancebarse.—Abarreganarse.
Amanecer.—Amañescer, alborear, alborecer.

profundo, e enviamos o testimonio da nosa dôr â familia do finado.

* * *

Agora, forzosamente, a Real Academia Galega tén que nomear un novo presidente. Entre os académicos figuran algúns irmáns nosos moi estimabres e queremosles rogar que pensen un pouco denantes de facer o nomeamento. Dixo algún xornal que desaparecido don Andrés Martínez non quedaba ningún académico que poidera reemplazalo. Parécenos inxusto e pouco axustado â verdade. Se entre os académicos non quedase ningún que poidera ocupar dinamente a presidencia valería a pena de que pecharan as portas. Afortunadamente non é así, e lamentamos que os mesmos "da casa" se sintan tan pequenos e desprestixien d'ese xeito aos seus compañeiros.

En Galicia, na Cruña mesmo, hai quen pol-os seus coñecimentos pol-os seus numerosos e meritorios traballos, é merecente d'ese xusto homenaxe ao seu talento e aos seus profundos estudos, que deben de lle rendir os seus compañeiros; e pol-o demais parécenos que é dino de ocupar o alto posto de presidente para o que coidamos ten méritos d'abondo.

Facemos esta advertencia porque vimos ouservando que algún dos nosos, que son considerados fora da rexión como persoas de valer e de prestixio, na propia terra parez que non se lles quere reconocer o seu mérito e xa vai sendo hora de que ante o interés de Galicia se calen os intereses e as envexas particulares.

Xeografía do Reino de Galicia

A casa editora de Barcelona Alberto Martín ven publicando unha notable e importantísima "Xeografía do Reino de Galicia" â que todol-os bós galegos deberan de se suscribir, sobre todo cantos por razón da súa posición ou da súa cultura están hasta certo punto obrigados a fomentar e axudar estas obras de tanta utilidade para a rexión.

Romatado xa o primeiro tomo da "Provincia de la Coruña", deu principio ao segundo. Tamén está próisimo a se romatar o da provincia de Lugo, e están encozados o que comprende a "Descripción física general" e mais o da provincia de Pontevedra.

Forman estes tomos que se publican baixo a dirección do sabio xeógrafo catalán don Francisco Carreras Candi, volumes de 800 a 900 páxinas, con moitas fotografías, planos e láminas, e están encomendados a figuras tan prestixiosas en Galicia como son:

A provincia da Cruña, a don Euxenio Carré Aldao.

A de Lugo, a don Manuel Amor Meilán.

A de Pontevedra, a don Luis Gorostola Prado.

A Descripción física, a don Verardo García Rey.

Trátase, como se ve, d'unha obra de verdadeira importancia e que estaba facendo moitísima falta: agora o que se precisa é que ese esforzo editorial que tanto beneficia â nosa Terra teña o apoio e o premio que merece por parte dos galegos.

Papel de fumar

N O R O E S T E

Amansar.—Amansar.
Amantar.—Acochar.
Amante.—Amante, mozo, namorado.
Amapola.—Mapola, ababa.
Amar.—Amar, querer.
Amargar.—Acedar, amarguerar.
Amargo.—Acedo, amarguexo.
Amargura.—Acedume, amarguexo.
Amarillento.—Amarelado.
Amarillo.—Amarelo, marelo.
Amarra.—Amarra.
Amarradero.—Amarradoiro.
Amartillar.—Amartelar.
Amasar.—Amasar, amolgar.
Amasijo.—Mistura, amasadela.
Amazacotado.—Amacelado.
Ambages.—Rodeios.
Ambar.—Alambre.
Ambición.—Cobiza, arela.
Ambicionar.—Cobizar, arelar, acuciar, desexar.
Ambicioso.—Cobizoso.
Ambiente.—Ambente.
Ambiguo.—Incerto.
Ambos.—Ambos.
Ambulante.—Ambulante.
Amedrentar.—Amedrontar, pillar medo, atreecer.
Amenaza.—Ameaza.
Amenazar.—Ameazar.
Amenizar.—Amenizar.

Amigo.—Amigo.
Amo.—Amo, dono.
Amistad.—Amistade, estima.
Amodorrarse.—Empreguizarse.
Amojamado.—Curado, seco.
Amojumar.—Curar.
Amolador.—Afiador.
Amolar.—Amoar, afiar, adoar.
Amoldar.—Amoldar.
Amonestación.—Munición, consello, adevencia.
Amontonar.—Amontoar, acubular, arrecadar, apinar.
Amor.—Amor, querer, lei.
Amoroso.—Querendoso.
Amortajar.—Amortallar.
Amortiguar.—Amortecer, abrandar, esvair.
Amortizable.—Amortizabre.
Amortización.—Amortizamento.
Amortizar.—Amortizar.
Amotinar.—Barullar, sublevar.
Amparar.—Amparar, agarimar, protexer, acorrer.
Amparo.—Amparo, agarimo.
Ampliar.—Ampriar, aumentar, desenvolver.
Amplio.—Amplo, largo.
Ampolla.—Bocha, bexiga.
Amputar.—Amputar.
Amueblar.—Moblir, alfayar.
Amujerado.—Maricas, Amullerado.

❧ O QUE É A VIDA ❧

A habitación é unha *garçonière* arraxada con certo luxo e confort, onde non falta nin a *etagère* en que figuran algunhas novelas de Trigo, Belda e Retana, nin os retratos de mulleres qu lle dan á sala un ár galante e frívolo.

Paulos e Enrique, sentados cada un na súa butaca, conversan desmaidamente.

Paulos esgrouviado, con todas as sinais do que ten unha doenza grave, mortal.

Enrique xovial, ateigado de vida, revertendo saúde, mais, atristecido momentaneamente ante o seu amigo.

PAULOS

Esto chega ao seu fin, Enrique, sinto xa a pouta da morte chantada nas entranas.

ENRIQUE

E preguiza que che meteron no corpo estes días que levaches na cama. En canto te repoñas un pouco, desentalas os ósos e voltas á vida.

PAULOS

Non conto xa repoñerme.

ENRIQUE

Non digas eso. ¿Qué importa para nós, homes na forza da vida, unha doenza mais ou menos? A nosa voluntá de vivir axudará á vigorizar o organismo novamente, e a saúde rexurdirá no corpo vencido nun pasaxeiro decaimento.

PAULOS

Cómo se ve que ti estás san e forte. Mais eu non podo xa ter ese optimismo, non podo, porque a máquina párase, está gastada, está gastada.

ENRIQUE

¿Con trinta e cinco anos falas así?

PAULOS

Con trinta e cinco anos, e unha doenza de morte, sinto unha inquietude e unha saudade, cando xa estou á pé da cova.

Rosiña, unha xentil e linda figuríña, ridente e fresca, aparece no soleiro da porta. Párase, os seus ollíños ábrense nun movemento de asombro, a boquiña ten un xeito de pena. É un instante de sorpresa e dór ao notar o decaimento de Paulos.

PAULOS

¡Rosiña! Pasa, pasa.

ROSIÑA

Amigo Paulos... Dixéronme que estabas mal, e...

PAULOS

Atópasme pior do que coidabas.

ROSIÑA

Pior... non. Coidaba que estabas mal ...de diñeiro, coma outras veces, pero... xa vexo que... Perdoa... non quero molestar. Estimo melloría.

PAULOS

¿Non te sentas un pouco?

ROSIÑA

Non... agárdanme... outro día... *(E coa expresión d'un "ui, que malo está este home", fuxe espavorida).*

PAULOS

¿Ves, ves? Este incidente afinca mais no meu pensamento aquela saudade, aquela arela cobizada cando non podo xa realizala.

ENRIQUE

Decátome á que te refires. Coa doenza notaches a falta do amor verdadeiro, da familia.

PAULOS

Olla eses retratos... De todas elas só esta, Rosiña, veu á se informar, nada mais que á se informar, e como o meu estado nada ten de satisfactorio, facendo unha carantofía fuxiu escaleiras abaixo.

ENRIQUE

Son coma volvoretas. A súa vida dura o que a primeira, múrchanse decontado; e se en vez de recoller o perfume das rosas, a ledicia das rayolas, para ofrendar a propia beleza enfeitada con todo o que na vida é agradable, mestúranse nos amarguexos e satúranse das acedumes que de cote sulagan as nosas almas, ninguén correrá atrás d'elas senon que todos lles fuxirán.

PAULOS

O non poño en dúbida. Pero non é esa a causa do meu desacougo espiritual; con amor ou sen el, a miña inquietude sería a mesma.

ENRIQUE

¿Daquela?

PAULOS

É a pena de me sentir morrer e tór o convencimento de que estraguéi a miña viña, de que paséi pol-o mundo como pasa un dibuxo que se fai na area d'unha praia: Ven á vida; unha onda, a morte, bórrao, e xa nada queda d'el, nada ausolutamente... É triste, é triste perder a vida así, tontamente, sen deixar nada feito, ningún froito do noso paso pol-o mundo.

ENRIQUE

¿Non gozaches a tua vida?

PAULOS

Derrocheina en praceres; en feitos luxuriosos e bebedeiras... ¿gozar? quizais; mais, a pena que agora sinto mata a lembranza de todo. E xurde na miña conciencia a acusación do meu pecado ¿ao morrer, qué deixas feito? ¿onde está a mostra da tua intelixencia, da tua arte, da cencia, de algo en fin que perpetue o teu paso pol-a vida?

ENRIQUE

Vese que moito te aborreciches. ¿Ou é que agora cobizas a gloria como un novo pracer que non gustaches aínda?

PAULOS

¿Gloria? ¿Qué gloria pode abranguer un simple obreiro que construye un barco, que fai unha máquina, ou un artista anónimo que decora unha casa. E todos fan unha labor de proveito; todos saben que a súa vida foi útil. Nós, non. Nós somos coma bonecos; brinquedos d'un instante que se quebran decontado e aló van, ao lixo...

ENRIQUE

¿Bah! ¿Qué importa, se disfrutamos, se vivimos a nosa vida á rir entre amores e praceres?

PAULOS

Falso todo, falso todo. Amores enganosos; praceres noxentos que acetábamos só rociados con viño... Compara, compara a nosa vida coa vida d'un Fidias, d'un Gutemberg, d'un Sakespeare, d'un Edison... Eses sí que viviron a súa vida, eses sí que foron homes, homes de verda e non bonecos coma nós. Eu ben sei que non todos podemos lograr o que eles; ¿pero a maioría fixemos algo, algo siquera do que podemos facer? Pois esa é a vida, esa é a vida...

Leandro Carré.

Lea vostede o próximo número de A NOSA TERRA

Sobre a reforma da división rexional

Con motivo das reformas que o Directorio renovador intenta facer nas actuaes divisións rexionales, fálase de unir Asturias e León a Galicia.

Estimamos equivocada esa nova maneira de constituir rexións caprichosamente, pois se ben para os asuntos de índole militar calquera agrupación que se faga poderá estar ben porque a organización do exército ten que ser a mesma e igual para todas as comarcas, non pode de ningunha forma obrarse do mesmo xeito en canto se trata da división política e administrativa.

En primeiro lugar, Galicia que é unha rexión perfectamente marcada e definida xeográfica e étnicamente, xa que o terreo, sistema orográfico e hidrográfico; a fala, propia e característica; así como a división especial por parroquias, o mesmo que os medios de vida e riqueza do país son tan outros das provincias fronteiras que forzosamente terían que chocar os intereses d'unhas cos da outra.

Por decontado, León xa encozema a pedir que trasladen para alí a Capitanía Xeneral, a Audiencia, a Universidade, o centro administrativo da rexión... e non pide os portos galegos porque eso xa sería un pouco máis difícil de lograr, ou quizais porque se lles non ocorreu.

Toda Galicia débese poñer en guardia contra ese egoísmo que quer arrecadar os elementos de cultura e vida privando d'eles á quen máis capacitado e con maior dereito ven sendo de cote cultivador e gardador fiel de legados que homes máis galegos que os de hoxe xouperon fundar para honra e gloria da nosa rexión, á que sempre os estraños trataron inxustamente con desprecio e con aldraxes ademais de pretender en todo tempo usurparlle dereitos que lle corresponden.

Teñan en conta, pois, as autoridades que agora van encauzando a vida do Estado español por outros camiños de máis xusticia e de novas tendencias, que os pobos feitos por Dios e pol-a natureza d'unha forma e c'un espírito especiais non deben os homes intentar siquera transformalos de xeito que poida acarrexarlles algún perxuício; e que de ningunha maneira os seus intereses deben de se xunguir cós pobos que teñen intereses opostos, porque esto en vez

de ser unha labor de unión e irmandade entre eles sería un motivo de constantes disgustos e de loitas perxudiciais.

Para que o día de mañán non se poida dicir que deixamos de advertir o perigo; para que se vexa que sempre temos o pensamento, e que de cote laboramos pol-os grandes e verdadeiros intereses da Patria, chamamos a atención de todos sobre a importancia d'esta cuestión para que se medite, para que se estude, para que se fagan as cousas como deben de se facer en xusticia.

XAVIER FRAGA.

As conferencias do Circo

A Direitiva da popular sociedade coruñesa reanudou a serie de conferencias encol da persoalidade de Galicia, interrompidas durante o vran.

Celebrouse a primeira o día 20, estando a cárrego do distinto e culto publicista don Manuel Amor Meilán, que falou de "O carácter aventureiro de Galicia á través da Historia".

Foi unha conferencia moito interesante, onde o señor Amor Meilán, demostrando unha gran erudición e coñecemento, deunos a coñecer algúns aventureiros galegos d'outros tempos cujos feitos, fondamente interesantes, relatou n'unhas cuartillas belamente escritas. Rematou a súa brillante conferencia c'unhos párrafos cantando o carácter aventureiro dos galegos que á través de todol-os tempos deixou por todo o mundo señales do romanticismo e da cultura da nosa raza de cuio carácter, dixo, debemos estar orgullosos cantos tivemos a dita de vir ao mundo na gloriosa e ben amada terra galega.

O numeroso público que concurriu ao acto, ovacionou longamente ao conferenciante a cujos aprausos engadimos o noso moi entusiasta e cordial.

Foi presentado pol-o señor Castillo, n'unhas atinadas e ben ditas verbas que mereceu a nosa embora.

O BESO ROUBADO

Porque che dei un bico, dism'agora

Brasa, que cho roubéi?

A fellas que calar millor che fora...

Non sabes que na cara cho deixéi?

Si eso é roubar, qu'así me lev'o deño;

¡Eu nunca tal oín!

Mais, si en quedar en paz mostras empeño,

Ven, qu'aquí estóu, e roubam'outr'á mín.

Benito Losada.

Pol-o progreso da Literatura Galega

Os certames da Irmandade

Como lembran os nosos létores temos aberto un certame para premiar a mellor obra dramática que se presente escrita na nosa fala; para este certame, que promete resultar moi bon pol-a cantidade e pol-a calidade das obras que vimos recibindo, e aínda falta tempo xa que hastra o 30 de Novembro non se pechará o prazo de envío, temos un premio de 250 pesetas, e a máis a obra premiada, así como as outras que o merezan, será estrenada pol-a "Escola Dramática Galega" que tantos éxitos leva conquistados coa súa actuación verdadeiramente artística.

Pois agora temos mentes de facer un novo certame; consistirá este na publicación en A NOSA TERRA de cantos "contos" escritos en galego se nos envíen, sempre que pol-as súas condicións teñan cabida nas páxinas d'esta revista, e o premio será otorgado ao conto que outeña máis votos entre os mesmos létores do boletín.

No próximo número publicaremos as bases d'este novo certame, ao que agardamos concurra gran parte da mocidade galega afionada ás belas letras.

Unha advertencia queremos facer.

Todol-os traballos deberán vir escritos con arreglo á ortografía que vimos usando, e a que poden estudar cantos o desexen, ben no Compendio de Gramática Galega, publicada por esta "Irmandade" (0,50 pesetas), ou na "Gramática do Idioma Galego", de Lugo (3,50 pesetas), por ser o que coidamos dino de se empregar en absoluto.

Prepararse, pois, e tér en conta que como en todol-os idiomas do mundo, no galego pódense espresar todol-os sentimentos, todol-os ideaes.

NOVOS LÍRICOS FRANCESES

PAUL FORT

Pregaria ao santo silencio

Relixioso silencio, hino que ama o Señor quen che sabe gardar, garda o seu corazón.

E mercé a ti sinxelo noso recollimento. Non fales unha verba, o corazón atopá na nosa alma acollimento.

Xoxé falaba pouco, moito menos María e Xesús, él, tan dóce cuase nada dicía.

O mais ledo dos "lieds"

Pois que endexamais poderemos amarnos hai que rir, hai que rir.

Pois que endexamais poderemos amarnos, hai que facer que se divertir.

Se ti me amases, eu amariache, hai que rir, hai que rir.

Eu amariache, tesme xenreira, eu quero rir até sucumbir.

¿Pois paga a pena cicais amar? Hai que rir, hai que rir.

¿E paga a pena cicais o amor? Hai que facer por se divertir.

A moza que morreu enamorada

Esta moza morreu, morreu enamorada

Diron terra ao seu corpo aló pol-a alborada

E deixáronna soya, soya e engalanada

No cadaleito soya, tan sopa e enfechada,

E voltaron cantando, cantando melodías

Rebuldeiras e ledas. A tua hora será chegada

Esta moza morreu, morreu enamorada

E foron ao campo, ao campo coma todol-os días.

AMADO CARBALLO.

En poucas verbas

Os Longueira, Acuña e compañía, que nas derradeiras eleccións loitaron en Tuy á favor do cacique Ordóñez contra dos agrarios, agora sintense *moralistas* e finxíndose directores do agrarismo galego e derrochando admiracións e gabanzas ao Directorio, pretender buscar o amparo d'uns e outros para se crear unha *boa situación* con algo de *mandiño* e todo.

Os labregos quizais non os conozan.

O Directorio poida que tampouco.

Mais nós sí; sabemos os puntos que calzan, as casacas que visten según as circunstancias e hastra os *discos* que espetan conforme as comenencias do momento.

E xa trataremos de que os demais tamén os vaian conocendo.

* * *

No Concello de Laracha, igual que nalgúns outros, fátanse mil *talcatuadas* e estafábase ao vencidario impunemente, mais agora descubriuse todo e os caciques que "governaban" á seu gusto foron metidos no cárcel xustamente.

Eso para que digan algúns que o caciquismo non existía mais que na imaxinación dos secritores galegos.

* * *

Tamén resulta que a Diputación era unha covacha. Virturo está preso, e coma él algúns dos seus compinches.

¡E moneábanse de nós cando dicíamos que por propia dinidade había que trincalos a todos!

Mais, ríe mellor o que rí ao derradeiro.

* * *

El "Faro de Vigo", querendo imitar ao gran rotativo "Galicia", ven publicando unha serie de caricaturas "galegas".

Sómente que as de "Galicia" son obra do talento de Castelao.

E as de "El Faro de Vigo" froito ruín d'un cativo espírito.

Lembramos unha d'elas, que firma Rafael García, e titulada "¿Cómo foi?", que creemos quer aludir a como foi "creado" o autor de tales cousas.

E non hai dereito á ridiculizar a propia nai por moi mal fillo que se sea.

* * *

Creemos lembrar que en Galicia había unha entidade chamada I. N. G., na que figuraban as máis grandes figuras da intelectualidade galega.

Agardábase que nas actuaes circunstancias de renovación política e administrativa xurdirían as poderosas iniciativas d'aqueles señores para orientar a vida da rexión galega nun xeito progresivo, xa que desapareceu o caciquismo que denantes o impedía e parece ser que reina a xusticia.

Pero...

* * *

"La Voz de Galicia" tamén deu un toque de atención ao ver que León pedía para si canto significa cultura e capitalidade existente agora en Galicia.

Algunha vez habíamos de estar de acordo "La Voz" e mais nos.

Inda que nosoutros reclamamos pol-o ben de Galicia.

E "La Voz" berra por medo a perder certas "influencias" ou a que fuxan os títulos de diputado.

¡Qué sería unha pena!

* * *

Algúns d'esos furibundos predicadores que iban co-

mer a xente cruda, ou pouco menos, para lograr os seus ideaes de "ceibismo".

Algúns d'eses que d'un instante a outro iban fundar unha nova república.

Algúns d'eses que se considerando "xefes supremos" lanzaban ordes do día, "dadas en tal, a tantos de tantos..." Agora non din "nen pio".

Nós lembramos a propósito d'eso unha vella copla.

En la batalla estar detrás
mientras pelean los demás;
en la victoria estar al frente
es conveniente...

Así en castelán, para que lles entre mais no coiro.

A presidencia da Real Academia Gallega

Algúns corresponsaes dos boletís da Cruña en Santiago apuntan a noticia do nomeamento do noso docto e moi querido amigo Sr. Cotarelo Valledor para presidil-a Academia Gallega.

Nosoutros somos dos primeiros que reconecemos méritos abondo no distinguido catedrático para tal elección; pero os corresponsaes aludidos fixéronse eco de unha noticia recollida non sabemos onde, e que non pode ter execución.

Non sabemos que os Académicos de número da Cruña abriguen tal pensamento, non por outra cousa senon por imposibilidá material. Non creemos que haxa académicos que desconozan os Estatutos e Reglamente da docta Corporación, nos que se marca sere condición precisa para o cargo residir na Cruña, sede oficial da Corporación e ser Académico de número.

O Sr. Cotarelo, que merece todol-os nosos respetos, non reside na Cruña; pero inda hai mais: se ben aceptado como Académico de número non foi recibido como tal, e non por culpa da Academia, e pol-o tanto non pode ser considerado como tal.

Pol-o pue afecta á reforma dos Estatutos, non é cousa tan fácil. En primer lugar foron estabrecidos d'acordo co indicado pol-a «Asociación Inicialora e Protectora da Academia», na Habana. En segundo termo están aprobados por R. O., e sin consentimento da Asociación Protectora e sin a autorización do ministro de Instrucción Pública non poden sufrir alteración.

Non se vexa n-estas líneas outra cousa que poñel-as no seu lugar, para que a opinión non se extravie nin se deixe levar de impresionismos.

LECTURAS

Guerra Junqueiro.—Leonardo Coimbra.—Porto.

O gran pensador autor do Criacionismo, que tanto na filosofía como na literatura do país irmán ocupa un lugar preeminente, acaba de honrarnos c'un novo libro adicado ao gran poeta portugués Guerra Junqueiro, falecido recentemente.

Trátase d'unha serie de artigos publicados en diversos xornaes e revistas, reunidos agora nun intresante volume que deu ao prelo a Renascença Portuguesa, empresa editora d'un mérito extraordinario pol-a cantidade e calidade das obras que lanza.

Esta de que nos ocupamos é un estudo concenzudo do gran poeta tan admirado en Galicia pol-o que tén para nós moita importancia e interés.

Agradecemos ao ilustre doctor Leonardo Coimbra o seu presente que estimamos en cant oval e sinifica por ser obra do seu talento e pol-a amizade que o seu envío nos demostra.

Lecturas.—Revista Literaria.—Barcelona.

Enchenos de ledicia o ver como a literatura galega vai abríndose camiño. Na revista "Lecturas", onde colaboran as primeiras firmas españolas e extranxeiras, vemos, no número correspondente ao mes d'Outoño, a tradución d'un conto galego, "A Sorte", do noso irmán Leandro Carré, que foi publicado na revista "Gráfica", d'esta cidade. E para nós un motivo de sinceira satisfaiación que cómplenos rexistrar.

Este número de

"A Nosa Terra"

foi sometido á censura

Tip. EL NOROESTE, Real, 26



Edificio do «Kiosco Alfonso» - Paseo de Méndez Núñez

Kiosco Alfonso

Situado no centro do paseo de Méndez Núñez
E o preferido do público. O mellor local de verano

Gran Restaurant

NO PISO ALTO

Fermoso Salón-Comedor

Luxosa instalación

Servicio esmerado

Cuberto: 4'50 pesetas

NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrais: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12
VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursás na Cruña: Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa conecida.

Recíbense encargos de fora, è-espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandár os seus encargos.

Os viños e coñas millores
os que exporta a casa PEDRO DOMECCO de **Xerez da Fronteira**, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth máis selecto
de mundial e reconecida sona é o **Cinzano** (Torino).

Para viños de mesa
non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante excrusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

BANCO HISPANO-AMERICANO

MADRID

Capital: 100 millós de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérída, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e estranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	â vista.
2 1/2	por	100	id.	id.
2 3/4	por	100	id.	id.
3	por	100	id.	id.
				a 3 meses data.
				a 6 id.
				a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (includida prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operaciós bancarias nas condiós máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas.,	3	"	"
En prazo fixo de tres meses	3	"	"
Idem id. 6 meses	3 1/2	"	"
Idem id. un ano.	4	"	"
A máis prazo			convencional

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

Vida Marítima e Comercial



Compañía Naviera "Stinnes"

(Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correios a os portos do BRASIL, MONTEVIDEO e BOS AIRES
PROISIMAS SAIDAS DA CRUÑA

HOLM 5 de Diciembre

Ademitindo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio do pasaxe en terceira crás..... 422'60
Idem en camarotes pechados 442'60

(Incruidos todol-os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse ao Axente da Compañía: *Roxelio Fernández Conde*.—Feijóo, 4, baixo.—A Cruña.



Sud-Atlántica

Chargeurs Reunis

PROXIMAS SAIDAS

Para os portos do Brasil, Montevideo e Buenos Aires dos modernísimos trasatlánticos rápidos de 16.000 toneladas de desplazamento, 10.000 cabalos de forza e dous hélices,

Precios en terceira crase (incluídos impostos)

5	Noviembre	ALBA	Ptas. 422,60
10	Foviembre	QUESSANT	Ptas. 412,60
24	Noviembre	LIPARI	Ptas. 412,60

Precios en primeira crase a Buenos Aires: 1.150 ptas.

En segunda crase a Buenos Aires: 888 ptas.

(Suxetos as variacións do cambio e sin impostos.)

TERCEIRA PREFERENCIA—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salós de conversación e café cuberto, independentes. Precio n-esta clase: é o corrente de terceira mais un suplemento de 125 ptas.

TERCEIRA EN CAMAROTE—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salós de conversación e cantinas: o precio de 442'60 ptas. incluídol-os impostos.

Remitiránse fotografías d'estas istalacións a quen as pida.

Facilitarán toda crás de informes os seus Axentes xenerais en Hespaña: ANTONIO CONDE, FILLOS.—Plaza de Orense, 2-A.—Telegramas y telefonemas *Chargeurs*.

Lloyd Real Holandés

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RAPIDO A AMERICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para *Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires*.

Precio en terceira cras
(incruídos impostos)

Correo rápido	Flandria	3 Noviembre	442,60 ptas.
Correo rápido	Gelria	24 Noviembre	442,60 ptas.
Correo rápido	Orania	8 Diciembre	442,60 ptas.
Correo rápido	Zeelandia	22 Diciembre	432,60 ptas.

Ademiten carga e pasaxeiros de 1.^a, 2.^a, intermedia e 3.^a crás. O vapor «Zeelandia» somentes ademite carga e pasaxeiros de 1.^a, intermedia e 3.^a crás.

Todos estos vapores teñen a disposición dos pasaxeiros que viaxan en terceira crás corrente, amplios comedores fixos, magníficos fumadores, cubertas resguardadas, cuartos de baño, duchas, etc., levando para servicio dos mesmos Camareiros, Enfermeiros e Cocineiros hespáñoles.

Nenos menores de 2 anos, gratis; de 2 a 10, medio pasaxe; maores de 10, pasaxe enteiro. Para cumprimentar as disposicións arxentinas é indispensable que todo pasaxeiro presente a documentación con CINCO DIAS de anticipación á data de saída do vapor.

Para precios de cámara e prazas disponibles o Agente general da Compañía en Hespaña: D. RAIMUNDO MOLINA E COUCEIRO, Consignatario. Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—Marina, 22.—A Cruña.

Sobriños de José Pastor

BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas e toda crás de ferretería

Fernández, Torres y C.^{ña}

Casa central: A CRUNA

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Teléfonos... { Urbano 75 e 78
Interurbano 49

VIGO

Urzáiz, número 1 Teléfono 253